

UNIVERSIDADE DO ALGARVE
Departamento de Artes e Humanidades
Centro de Estudos Galegos

MEMORIA DO LECTORADO DE LINGUA, LITERATURA E CULTURA GALEGAS

CURSO 2022-2023

ÍNDICE

ÍNDICE	2
CONTEXTO DO CEG	4
PROPOSTAS DE MELLORA CON RESPECTO Ó ANO ANTERIOR.....	4
NOVIDADES PARA O CURSO 2023-2024	4
FUNCIÓNS DA LECTORA	6
ACTIVIDADE DOCENTE	6
Horario docente da lectora.....	8
Alumnado.....	8
PLANIFICACIÓN DOCENTE DAS MATERIAS IMPARTIDAS	9
Lingua Europea I.....	9
Lingua e Cultura Galega I	12
Cultura Galega I.....	16
ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN DE LINGUA E CULTURA GALEGA	18
Actividades 2023	18
Actividades internacionais	20
Cursos libres.....	21
Actividades propostas para o 2024.....	26
ACTIVIDADES DA ASOCIACIÓN INTERNACIONAL DE ESTUDOS GALEGOS	27
DIFUSIÓN DAS ACTIVIDADES.....	28
ACTUALIZACIÓN DOS FONDOS BIBLIOGRÁFICOS	29
PUBLICACIÓNS	30
VALORACIÓN XERAL DOS CURSOS DO LECTORADO	30
PROPOSTAS DE MELLORA DIRIXIDAS Á SECRETARIA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA	31
ANEXO 1: CARTEIS DE PROMOCIÓN E DIVULGACIÓNS DAS ACTIVIDADES.....	32
1. Agora falamos nós. “Xohana Torres: da viúva de vivo á muller navegante”. Palestra Ana Garrido.....	32

2.	Agora falamos nós. “Os exilios de Mariví Villaverde”. Palestra Carmen Mejía	34
3.	Actividade Mesa redonda das linguas: desafíos no ensino de linguas no s. XXI. FNAC	35
4.	Foleras literarias: palabras tecidas en feminino.	37
5.	Rostros no exilio. Palestra María Jesús Botana Vilar e Claudia Mariño Gómez.....	39
6.	Semana Día das Letras Galegas 2023. Palestras de Lucía Salceda e Claudia Mariño	41
7.	Curso de formación profesorado de secundaria. Diálogos Ibéricos na literatura (marzo 2023 - xuño 2023)....	43
8.	Actividades relacionadas coa AIEG - Webinar. Os estudos galegos no exterior. Propostas e debate para un diagnóstico.	46
9.	Conferencia convite Universidade do Minho. “A representación da(s) muller(es) nas Cantigas de Santa María: o binomio Ave/Eva. María Jesús Botana Vilar.	48
ANEXO 2: DISTRIBUCIÓN DOS CONTIDOS DO CURSO DE FORMACIÓN DIÁLOGOS IBÉRICOS.....		50
Bloque 1		50
Bloque 2		51
Bloque 3		53

CONTEXTO DO CEG

A Universidade do Algarve é, xunto coa Universidade do Minho (Braga) e a Universidade Nova de Lisboa; unha das institucións que alberga un lectorado de galego. Deste xeito, sumado ós dous anteriores, existen tres Centros de Estudos Galegos en toda a área de Portugal. Este feito permite amosar a boa acollida que ten a lingua e a cultura galega no territorio luso.

O Centro de Estudos Galegos (abreviado, CEG) da Universidade do Algarve (abreviado, UAlg) é un centro xa consolidado, posto que leva funcionando de maneira continua por vinte ano, concretamente dende o curso académico 2002/2003. Este centro abriu hai dúas décadas ás súas portas baixo a dirección do catedrático Pere Ferré da Ponte, sendo a súa finalidade difundir a lingua e a cultura galegas entre a comunidade algarvía, compartíndoa tamén co resto da comunidade universitaria que estivese interesada.

A primeira representante do lectorado galego foi a profesora e doutora María Jesús Botana Vilar (período 2002 a 2008), que na actualidade exerce o cargo de directora do centro. Despois dela chegaron Antonio Mira (2008 a 2011), Sandra Romarís (2011 a 2014), Paula García Rumbo (2014 a 2017), Patricia Arias López (2014 a 2017), Patricia Arias López (2017 a 2018), Raquel López Veleiro (2018 a 2019), Claudia Mariño (2019 a 2022) e Lucía Salceda, actual lectora.

En canto a súa integración dentro da Universidade do Algarve, o Centro de Estudos Galegos forma parte do Departamento de Artes e Humanidades da Facultade de Ciências Humanas e Sociais, localizado no campus de Gambelas.

PROPOSTAS DE MELLORA CON RESPECTO Ó ANO ANTERIOR

Aínda que neste momento contamos cun espazo dentro da páxina da FCHS (na pestana de investigación), en que presentamos o CEG e informamos das nosas actividades (docencia, palestras, investigación...), gustaríanos contar nun futuro próximo coa nosa propia páxina web, asociada tamén á páxina web do CIAC (Centro de Investigação em Artes e Humanidades), co fin de amplificar o noso público e amosar as diversas relacións de colaboracións que establecemos dende o noso Centro de Estudos.

NOVIDADES PARA O CURSO 2023-2024

Neste novo curso, o CEG ten previsto organizar novas edicións dalgunhas actividades xa realizadas noutros anos, continuando con ciclos de palestras de grande interese cultural; cono é o ciclo

do máximo, este ano se realizou unha palestra sobre a figura das bruxas na literatura como ferramenta no ensino educativo. O CEG decide continuar con esta serie de actividades porque, na realidade, gozan de gran acollida por gran parte do profesorado e alumnado algarvío. Outros exemplos destes ciclos son: *A mesa redonda das linguas*, o ciclo de conferencias *H(á) conversa* e *Folerpas literarias: palabras tecidas en feminino*. A edición dun novo monográfico ~~deda~~ colección Textos e Estudos prevista para o 2024 (as figuras femininas na Idade Media, a cargo de Ricardo Pichel e Miguel Fernández) terá que ser adiada en prol da nosa activa participación [na organización do XIV Congreso Internacional da AIEG](#). Ora ben, en colaboración co CIAC (Centro de Investigación en Artes e Comunicación), xa disponibilizamos grande parte das obras editadas na nosa colección CEG-CIAC. Poden ser consultadas en <https://publicacoes.ciac.pt/index.php/ceg-ciac>

Ademais da continuación destas actividades, xunto con outras novas que serán contentadas máis adiante; o CEG da UAlg hai anos que estreitou os seus lazos co resto de CEGs de Portugal, é dicir, coa Universidade do Minho e a Universidade Nova de Lisboa. Esta boa relación e a constante colaboración que hai entre os centros deu froito á edición *Galiza e(m) nós*, que trata as relacións establecidas entre Galiza e Portugal dende diversos campos e perspectivas. Do mesmo, os tres lectorados presentaron en setembro de 2022 unha comunicación conxunta en Varsovia para o XIII Congreso da AIEG, *Abrindo rutas, expandindo camiños. Novas perspectivas e interseccións nos estudos galegos*, que levou por título “A imaxe da Galiza e dos galegos entre os alumnos de estudos galegos en Portugal”. Este traballo continúa a día de hoxe a través da realización de diferentes enquisas sobre os coñecementos e ideas preconcebidas que os alumnos portugueses teñen sobre Galiza e o galego; esta previa recollida de datos ten como obxectivo realizar unha investigación que, máis tarde, poida ser publicada.

Seguindo coa importancia da relación bilateral que existe entre a cultura galega e a portuguesa, cómpre sinalar a apertura do curso PRR (Plano de Recuperação e Resilência) *Galiza e Portugal: dois povos peninsulares no Atlântico*; na que se pretende difundir entre o público os distintos lazos históricos, lingüísticos e culturais que unen ambos pobos.

Do mesmo xeito, é importante destacar tamén a oferta do curso libre de galego A1 que comezará en marzo de 2023; pois ten como finalidade levar a nosa lingua a un maior número de persoas, tanto ós alumnos da Universidade que non teñan a oportunidade de escoller o galego como optativa, como ás persoas que non forman parte desta institución académica.

Outra das novidades, no ámbito do programa *Viva a Primavera*, é a realización do curso *Diálogos Ibéricos na Literatura*, unha actividade prolongada ó longo do segundo semestre de 2023, de marzo a

xuño, organizada e coordinada polo CEG, o CIAC (Centro de Investigación en Artes e Comunicación), a Fundação para a Ciência e a Tecnologia (FCT) e a Asociación Cultural ACC (Álvaro de Campos, de Tavira); conta tamén co apoio e participación da Câmara Municipal de Tavira, Agrupamento de Escolas D. Manuel I – Tavira e o Centro de Formação do Levante Algarvio. Trátase dun curso que potencia a análise do fértil intercambio creativo e dos diálogos multidireccionais mantidos ao longo da Historia da Cultura (e da Literatura, en particular) entre os diferentes territorios xeopolíticos ibéricos. Unha selección destes produtivos diálogos literarios e culturais será explorada ao longo de oito sesións nas que intervirán diferentes especialistas na área dos estudos comparatistas. Cómpre sinalar que entre os obxectivos do CEG e do CIAC está a publicación, en papel ou formato dixital, destes traballos a finais de 2023 ou inicios de 2024.

Cómpre falarmos tamén dun novo ciclo que levará por título *Agora falamos nós: mulleres ibéricas* en colaboración con outros CEGs, como o CEG da Universidade de Varsovia e o CEG da Universidade do País Vasco. Esta actividade consistirá na programación de varias palestras ó longo do curso lideradas por especialistas onde se fale da importancia da figura da muller nas distintas áreas.

Por último, e no ámbito da presidencia da Asociación Internacional de Estudos Galegos, o CEG da UAlg, xunto cos CEG de Minho e Lisboa, está a organizar para o vindeiro curso o “XIV Congreso Internacional da AIEG. Así mesmo, tamén pretendemos organizar e realizar un *webinar* relativo ao estado da cuestión dos estudos galegos no exterior.

FUNCIÓNS DA LECTORA

No CEG da UAlg, a lectora cumpre cun rol docente importante; mais non é só esa a súa función, xa que tamén forma parte de outras moitas cuestións que compoñen o lectorado. Neste caso, a lectora debe fomentar a colaboración e organización de múltiples actividades co obxectivo de divulgar e promover a lingua, a cultura e a literatura galegas entre a comunidade algarvía.

Dentro deste labor de organización e creación de actividades, tamén é importante que a lectora se poña en contacto con outros CEGs, co fin de establecer lazos entre lectores/as e lectorados. Deste xeito, a experiencia será moito máis rica e a promoción do galego e de Galicia poderá realizarse dende múltiples perspectivas, xa que a lectora poderá unirse á actividade investigadora e editora, tanto na edición do libro editado cada ano polo Centro de Estudos Galegos da UAlg, como na participación en congresos, como é o caso da AIEG (Asociación Internacional de Estudos Galegos).

ACTIVIDADE DOCENTE

O lectorado do Centro de Estudos Galegos da Universidade do Algarve caracterízase pola súa oferta educativa, que neste ano conseguiu ofrecer as seguintes materias: *Língua Europeia I*, *Língua e cultura galega I* e *Cultura galega*. A responsabilidade docente destas materias recae sobre a lectora, que será a encargada de impartir as aulas.

A actividade docente do ano 2023 estará distribuída da seguinte forma, atendendo ó segundo semestre (febreiro- xuño) e ó primeiro do curso seguinte (setembro-xaneiro):

- **2º SEMESTRE**

- *Língua Europeia I* (materia optativa para o curso Ciências da Educação e da Formação, 5 ECTS)
- *Cultura* – Disciplina que este ano non abriu por mor da situación actual dos cursos de LLC e LC e que ten que ver coas convalidacións feitas para os alumnos de 2º e 3º curso, así como coa mudanza de todas as materias de opción exclusivamente para o terceiro ano de licenciatura.

- **1º SEMESTRE**

- *Língua e Cultura Galega I* (materia optativa para os cursos de LLC e LC, 6 ECTS)
- *Cultura galega* (materia optativa para os cursos de LLC e LC, 6 ECTS)

Canto á súa distribución semanal, cómpre sinalar que o reparto de horas divídese entre as aulas que son teóricas (T), que duran unha hora; e as aulas teórico-prácticas (TP), que duran dúas horas. A isto, ten que se lle sumar o reparto de cinco horas de carácter orientativo (orientación tutorial, en diante OT), en cales se revisarán os contidos e traballos explicados na aula, é dicir, que son cinco horas destinadas á atención ó estudantado. Deste xeito, a distribución quedará da seguinte forma:

As materias de lingua (*Língua Europeia I* e *Língua e Cultura Galega*) teñen unha distribución semanal de 2 horas lectivas teórico-prácticas (26 horas TP) e 2 horas de prácticas de laboratorio (26 horas PL). A isto engádense 5 horas de carácter orientativo (orientación tutorial, OT), cuxo obxectivo é revisar contidos explicados na aula e traballados con anterioridade.

A materia de Cultura Galega dispón de 3 horas de docencia semanais, repartidas entre clases teóricas (13 horas T), teórico-prácticas (26 horas TP) e 5 horas máis de OT (orientación tutorial, OT).

É importante sinalar que, alén desta distribución de horas, cada disciplina dispón dun tempo de atendimento semanal, o cal se corresponde coa metade das horas semanais da materia. É dicir, unha hora e media no caso de *Lingua Europea I*, *Lingua e Cultura Galega I* e *Cultura Galega*

Horario docente da lectora

Como xa se mencionou anteriormente, o horario docente da lectora no primeiro semestre foi de sete horas semanais, que se corresponden coas horas da materia de *Lingua Europea I* e do *Curso Libre de Galego A1*. No segundo semestre o horario docente da lectora foi de sete horas semanais, que se corresponden con tres horas da materia de *Cultura Galega* e catro da materia *Lingua e Cultura Galega I*.

Coloco, a continuación, o horario desagregado:

- **2º SEMESTRE**

- *Lingua Europea I*

- HORARIO DE AULA: mércores, de 10.00h á 13.00h
 - HORAS DE OT: as cinco horas de OT foron distribuídas en dúas sesións de 2h, unha semana antes de cada proba
 - HORARIO DE ATENDEMENTO: luns, de 11.30 a 13.30

- **1º SEMESTRE**

- *Lingua e Cultura Galega I*

- HORARIO DE AULA: luns, de 15.30h a 17.30h e xoves, de 16.00 a 18.00h.
 - HORAS DE OT: as cinco horas de OT foron distribuídas en dúas sesións de 2h, nos días 24 de novembro e o 15 de decembro, e nunha sesión de 1h o 4 de decembro.
 - HORARIO DE ATENDEMENTO: martes, de 11.00h a 13.00h.

- *Cultura Galega*

- HORARIO DE AULA: luns, de 10.30 a 11.30h e mércores, de 8.30 a 10.30h.
 - HORAS DE OT: as cinco horas de OT foron distribuídas en dúas sesións de 1.5h, nos días 20 de novembro e 14 de decembro, e nunha sesión de 2h o día 17 de novembro.
 - HORARIO DE ATENDEMENTO: xoves, de 10:00 a 12h.

Alumnado

No segundo semestre, a disciplina de *Língua Europeia I* contou con 23 alumnos inscritos (9 homes e 14 mulleres). Durante o primeiro semestre, elixiron a materia de *Língua e Cultura Galega I* un total de 19 alumnos (5 homes e 14 mulleres), e a de *Cultura Galega I* 7 (3 homes e 4 mulleres).

Este alumnado procedía de dous graos: Línguas, Literaturas e Culturas (en diante, LLC) e Línguas e Comunicación Intercultural (en diante, LCI), impartidos ambos na propia Facultade de Ciencias Humanas e Sociais (Campus de Gambelas). No tocante ao nivel, tamén pertencían a dous cursos diferentes: os alumnos de *Língua Europeia I* eran, na súa maioría, do primeiro ano, e os de *Língua e Cultura Galega I* e *Cultura galega* eran de terceiro ano.

PLANIFICACIÓN DOCENTE DAS MATERIAS IMPARTIDAS

Lingua Europeia I

Obxectivos

- Fomentar o interese cara as novas linguas, prestando atención tamén ós casos das linguas minorizadas e minoritarias.
- Consegir unha actitude de apertura por parte do alumnado de cara a realidade sociolingüística das linguas.
- Acadar o nivel A1 do *Marco común europeo de referencia para as linguas* na produción e o nivel A2 na comprensión de textos orais e escritos.
- Valorar positivamente as novas experiencias, ideas e culturas adquirindo unha actitude de apertura.
- Exercitar a capacidade de análise, síntese e avaliación.
- Achegarse ós contidos da materia dende unha perspectiva crítica.
- Achegar ó alumnado á lingua e cultura galega.
- Consegir traballar de maneira tanto individual como en parellas ou pequenos grupos, levando a cabo as actividades do día a día nas aulas.
- Fomentar a capacidade de debate entre o alumnado.

Contidos

- Unidade 0
 - Aproximación ó galego

- Relación da lingua galega e a lingua portuguesa
- Breve introdución á cultura galega (gastronomía, música, festas...)
- Semellanzas entre a vida galega e a vida portuguesa
- Unidade 1
 - Introducción á situación actual da lingua galega
 - O alfabeto galego
 - Dar e solicitar datos persoais
 - Presentarse, saudar, expresar intención e intereses
 - Facer recomendacións
 - Os números do 0 ó 100
 - O artigo determinado
- Unidade 2
 - Estereotipos sobre a lingua galega e os galegos
 - Identificar e describir fisicamente as persoas
 - Expresar semellanzas e diferenzas entre as persoas
 - Preguntar sobre gustos e intereses
 - Contrastar gustos e preferencias
 - Falar de relacións persoais
 - Os posesivos
- Unidade 3
 - Manifestacións culturais na actualidade
 - Expresar existencia e localización
 - Realizar descricións e comparacións
 - O artigo indeterminado
 - Os cuantificadores
 - O superlativo relativo
- Unidade 4
 - Manifestacións culturais na actualidade a través dos textos
 - Falar de hábitos
 - Expresar a frecuencia das accións, a hora e a secuencia das actividades
 - Os días da semana, os meses e as estacións
 - As perífrases verbais
- Unidade 5

- Tradicións galegas
- Expresar necesidade
- Captar a atención das persoas
- Preguntar por produtos e prezos nunha tenda
- Convidar e aceptar ou rexeitar un convite
- Dar escusas e xustificar
- Os números a partir do 100
- O imperativo
- A acentuación
- Unidade 6
 - Música galega
 - Falar de experiencias pasadas, destrezas e actitudes
 - Enumerar calidades e defectos das persoas
 - O pretérito
 - Os adxectivos de carácter
 - Os indefinidos

Método

Co fin de lograr os diversos obxectivos, esta disciplina levarase a cabo a través dun método activo e participativo, intentando combinar as distintas orientacións da docente coa participación activa do alumnado na aula; xerando un ambiente con maior dinamismo.

Este método concibe as sesións como teórico-prácticas. Desta maneira, empregouse un enfoque comunicativo do ensino da lingua galega e, en consecuencia, o galego foi a lingua vehicular en todo momento. O obxectivo principal é a mellora das competencias comunicativas a nivel oral e escrito.

Avaliación

O sistema de avaliación impartido nesta materia é o mesmo para todas as linguas impartidas na Facultade de Ciencias Humanas e Sociais, segundo un acordo do Departamento de Artes e Humanidades. Esta avaliación ten en conta as catro destrezas comunicativas e atribúelle a cada unha o 25% do valor total da clasificación (calculada sobre 20 puntos). O cálculo da clasificación final é a media aritmética das clasificacións das catro competencias, sempre que o alumno obtivese unha nota mínima dun 9,5 en cada unha delas.

Ó tratarse dunha disciplina de carácter presencial, é requisito indispensable para poder presentarse ás probas de *frequência* (avaliación continua) e *época normal* que o alumnado asista ó 75% das horas lectivas (agás os casos dispostos na lei). Alén diso, os alumnos teñen tamén un chamado *exame de recurso* (recuperación final).

Bibliografía

- Álvarez, Rosario e Xosé Xove, *Gramática da lingua galega*, Vigo, Galaxia, 2002
- Chamorro, Margarita; Xaquín Núñez e Ivonete da Silva, *Aula de galego 1*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Presidencia, Secretaría Xeral de Política Lingüística,, 2008 [On-line: http://www.xunta.es/linguagalega/materiais_celga_1]
- González, Begoña, *Ortografía da lingua galega*, A Coruña, Galinova, 2004
- López, Xoán, Cilha Lourenço e Marisa Moreda, *Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión*, A Coruña, Baía edicións, 2011
- Mata, Ana María e Emilio Núñez, *Curso de galego para non-galegofalantes*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela e Xunta de Galicia.
- Real Academia Galega e Instituto da Lingua Galega, *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, Vigo, Real Academia Galega e Instituto da Lingua Galega, 2004 [On-line: <http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/normasrag.pdf>]
- Real Academia Galega, *Dicionario da Real Academia Galega*, A Coruña, Real Academia Galega, 2012 [On-line: <http://www.realacademiagalega.org/dicionario>]
- Vázquez, Pilar, *O que um falante de Português deve saber acerca do galego*, Edições Colibri, Lisboa, 2002
- **Número de alumnos: 25**

Lingua e Cultura Galega I

Obxectivos

- Participar en interaccións sociais dentro da esfera social.
- Recoñecemento da importancia da diversidade lingüística.
- Analizar contrastes culturais entre Portugal e Galiza.
- Coñecer e usar convencións sociais e de cortesía na interacción verbal e non verbal.
- Participar de forma consciente e autónoma a aprendizaxe do galego.

- Planificar o propio proceso de aprendizaxe, obtendo o máximo proveito dos recursos dispoñíbeis.
- Desenvolver a capacidade de autoavaliación a través dunha reflexión da propia aprendizaxe.

Contidos

- Unidade 1
 - Introducción á situación actual da lingua galega
 - O alfabeto galego
 - Dar e solicitar datos persoais
 - Presentarse, saudar, expresar intencións e intereses
 - Facer recomendacións
 - Os números do 0 ao 100
 - O presente
 - O artigo determinado
- Unidade 2
 - Estereotipos sobre a lingua galega e os galegos
 - Identificar e describir fisicamente as persoas
 - Expresar semellanzas e diferenzas entre as persoas
 - Preguntar sobre gustos e intereses
 - Contrastar gustos e preferencias
 - Falar de relacións persoais
 - Os posesivos
- Unidade 3
 - Manifestacións culturais na actualidade
 - Expresar existencia e localización
 - Realizar descrições e comparacións
 - O artigo indeterminado
 - Os cuantificadores

- Unidade 4
 - Manifestacións culturais na actualidade a través dos textos
 - Falar de hábitos
 - Expresar a frecuencia das accións, a hora e a secuencia das actividades
 - Os días da semana, os meses e as estacións
 - As perífrases verbais

- Unidade 5
 - Tradicións galegas
 - Expresar necesidade
 - Captar a atención das persoas
 - Preguntar por produtos e prezos nunha tenda
 - Convidar e aceptar ou rexeitar un convite
 - Dar escusas e xustificar
 - Os números a partir do 100
 - O imperativo
 - A acentuación

- Unidade 6
 - Música galega
 - Falar de experiencias pasadas, destrezas e aptitudes
 - Enumerar calidades e defectos das persoas
 - O pretérito
 - Os adxectivos de carácter
 - Os indefinidos

Metodoloxía

Para esta materia asumimos un método activo e participativo, é dicir, intentamos combinar as necesarias orientacións da docente coa participación activa do alumnado na aula, tanto a nivel individual como colectivo.

Este método concibe as sesións como teórico-prácticas. Desta maneira, empregouse un enfoque comunicativo do ensino da lingua galega e, en consecuencia, o galego foi a lingua vehicular dende o

primeiro momento. O obxectivo fundamental foi a mellora das competencias comunicativas a nivel oral e escrito do alumnado grazas a:

- unha escolla de contidos reais, adecuados e atractivos para a diversidade da aula,
- o traballo integrado das destrezas,
- a necesidade dunha implicación activa do alumnado nas actividades.

Avaliación

O sistema de avaliación é o mesmo para todas as linguas que se imparten na Facultade de Ciencias Humanas e Sociais, segundo un acordo do Departamento de Artes e Humanidades. Esta avaliación ten en conta as catro destrezas comunicativas, e atribúelle a cada unha o 25% do valor total da clasificación (calculada sobre 20 puntos). O cálculo da clasificación final é a media aritmética das clasificacións das catro competencias, sempre que o alumno obtivese unha nota mínima dun 9,5 en cada unha delas.

Esta é unha disciplina presencial, polo que é requisito indispensábel para poder presentarse á proba de frecuencia e época normal ter asistido ao 75% das horas lectivas (agás os casos dispostos na lei).

Bibliografía

- Álvarez, Rosario e Xosé Xove, Gramática da lingua galega, Vigo, Galaxia, 2002
- Chamorro, Margarita; Xaquín Núñez e Ivonete da Silva, Aula de galego 1, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Presidencia, Secretaría Xeral de Política Lingüística, 2008 [On-line: http://www.xunta.es/linguagalega/materiais_celga_1]
- González, Begoña, Ortografía da lingua galega, A Coruña, Galinova, 2004
- López, Xoán, Cilha Lourenço e Marisa Moreda, Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión, A Coruña, Baía edicións, 2011
- Mata, Ana María e Emilio Núñez, Curso de galego para non-galegofalantes, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela e Xunta de Galicia
- Real Academia Galega e Instituto da Lingua Galega, Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, Vigo, Real Academia Galega e Instituto da Lingua Galega, 2004 [On-line: <http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/normasrag.pdf>]

- Real Academia Galega, Dicionario da Real Academia Galega, A Coruña, Real Academia Galega, 2012 [On-line: <http://www.realacademiagalega.org/dicionario>]
- Vázquez, Pilar, O que um falante de Português deve saber acerca do Galego, Edições Colibri, Lisboa, 2002

Número de alumnos: 22

Cultura Galega I

Obxectivos

- Seleccionar os instrumentos adecuados para unha aproximación metódica do fenómeno cultural.
- Elaborar unha análise crítica sobre os factos mais relevantes da cultura galega.
- Indagar sobre as especificidades da cultura galega no contexto internacional.
- Capacidade de establecer unha actitude de interese perante novas experiencias, outras ideas e civilizacións.
- Capacidade de crítica e autocrítica.
- Capacidade de traballo interdisciplinario.

Contidos

- **Unidade 1**, “Territorio, paisaxe e identidade”
- **Unidade 2**, “Historia social de Galiza”: romanización. Reino de Galiza na Idade Media. Séculos Escuros e Ilustración. Nacionalismo no século XX. Emigración e Diáspora
- **Unidade 3**, “Historia da lingua galega”
- **Unidade 4**, “O Camiño de Santiago: a tradición popular. Os camiños. O final da viaxe, Santiago de Compostela. Os ritos peregrinos”
- **Unidade 5**, “A tradición: lendas, imaxinario colectivo e formas de literatura popular. A gastronomía. As festas populares”
- **Unidade 6**, “A gastronomía galega”. As festas populares en Galicia.
- **Unidade 7**, “Análise da produción cultural ao longo do século XX-XXI: arte, cinema, música, literatura...”

Metodoloxía

Para esta materia asumimos un método activo e participativo, é dicir, intentamos combinar as necesarias orientacións do docente coa participación activa do alumnado na aula, tanto a nivel individual como colectivo.

O método empregado concibiu as sesións como teórico-prácticas e reservou un lugar central para a análise e comentario de textos. O obxectivo foi que o alumnado adquirise as nocións teóricas desta unidade curricular a partir do achegamento a diferentes aspectos culturais.

Avaliación

A avaliación da materia consistiu nunha proba presencial, que supoñía o 70%, e un traballo individual, que supoñía o 30% da nota final, calculada sobre 20 puntos. Só foron considerados aprobados aqueles alumnos que obtiveron un valor igual ou superior a 9,5 puntos.

Cultura Galega é unha disciplina presencial, polo que foi requisito indispensábel para poder presentarse ás probas de frecuencia e época normal ter asistido ao 75% das horas lectivas (agás os casos dispostos na lei).

Bibliografía

- Blanco Pérez, Domingo: Historia da literatura popular galega. Colec. Galicia, 1994
- Cocho, Federico: A festa do entroido. Baiona, Nigratea, 2014
- Mariño Ferro, X. R.: Antropoloxía de Galicia. Vigo, Xerais, 2000
- Murado, Miguel Anxo: Outra idea de Galicia. Barcelona, Debate, 2013
- Nogueira, Xosé: O cine en Galicia. Vigo, A Nosa Terra, 1997
- Reigosa, Antonio: Galicia encantada: o país das mil e unha fantasías. Vigo, Xerais, 2015
- VV.AA: Galicia, unha luz no Atlántico. Vigo, Xerais, 2001
- VV.AA.: Historia xeral de Galicia. Vigo, A Nosa Terra, 2005

Número de alumnos: 7

ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN DE LINGUA E CULTURA GALEGA¹

Actividades 2023

- **Día de Rosalía** (actividades realizada o día 24 de febreiro do 2023)
 - Palestra da doutora Ana Garrido González, gran estudiosa da emigración e da imaxe da viúva de vivo en Galicia. Esta palestra forma parte da actividade *Agora falamos nós: Mulleres ibéricas* (información no seguinte apartado)
- Creación dun novo ciclo de palestras, titulado ***Agora falamos nós: Mulleres ibéricas***. Trátase dun ciclo de conferencias en que distintas especialistas da área da lingua, cultura e/ou literatura galegas realizarán unha intervención sobre o papel da muller en áreas concretas (arte, literatura, historia, xornalismo, feminismo...). Estas palestras levaranse a cabo durante o segundo semestre do curso, comezando o día 24 de febreiro con Ana Garrido. Esta actividade realizarase en conxunto co CEG da Universidade de Varsovia e co CEG da Universidade do País Vasco.
 - “Xohana Torres: da viúva de vivo á muller navegante”, conferencia a cargo da doutora Ana Garrido
 - Conferencia a cargo da doutora María Jesús Botana Vilar (falta confirmar o título da palestra)
 - Conferencia a cargo da doutora Carmen Mejía Ruíz (falta confirmar o título da palestra)
 - Conferencia a cargo da doutora María Xesús Lama López (falta confirmar o título da palestra)
- Ciclo de cinema ***Cinema de nós, cinema do noso: Universos literarios*** (de marzo de 2023 a decembro de 2024, en colaboración coa Biblioteca da UAlg). Proxectaranse os seguintes filmes:
 - Eloy Enciso, *Longa noite*;
 - Eloy Enciso, *Arraianos*;
 - Margarida Ledo Andián, *Nación*;
 - Ignacio Vilar, *A Esmorga*;
- ***A mesa redonda das linguas: desafíos no ensino de linguas no século XXI*** (marzo 2023, librería FNAC de Faro). Trátase dun foro de debate, que se vén desenvolvendo dende hai varios

¹ Véxase anexo 1: Carteis de promoción e divulgacións das actividades

anos, onde especialistas da área das linguas e das artes da Facultade de Ciencias Humanas e Sociais da UAlg conversan sobre cuestións relacionadas co futuro das linguas e os desafíos ós que se enfrontan nun mundo cada vez máis globalizado. Nesta ocasión, o tema sobre o que xirarán as conversas son os desafíos no ensino de linguas na actualidade (s. XXI), un tema moi próximo para os profesores desta facultade, que se atopan con problemáticas na realidade do seu día a día.

- Continuación do ciclo ***Foleras literarias: palabras tecidas en feminino***. Trátase dun ciclo de conferencias en que distintas ponentes da área da literatura presentarán a obra dunha autora (á súa elección). Nesta palestra contaremos coa intervención de Antía Monteagudo, investigadora do CRPIH (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)
 - Conferencia a cargo de Lucía Salceda, falta confirmar o título.
- Ciclo de conferencias **H(Á) conversa** (27 de abril). Trátase dun ciclo de conferencias sobre a tradución, a normalización lingüística e a edición en galego en Galiza. Este ciclo tivo inicio hai dous cursos e continuará no 2023 con diferentes palestras.
 - Palestra sobre a historia da tradución a cargo de Sergio Gómez Blanco
- **Semana das Letras Galegas na Ualg** (16 a 20 de maio)
 - Continuación do ciclo *Rostros do exilio*, onde participarán a profesora e doutora María Jesús Botana Vilar e a lectora do CEG da Universidade de Varsovia Claudia Mariño. Ambas ofrecerán palestras *online*, con acceso para todo o mundo.
 - “As voces da arte galega no exilio”, María Jesús Botana Vilar
 - “O papel dos exiliados na reestruturación do tecido galeguista”, Claudia Mariño Gómez
 - Palestras *online* sobre a figura de Fernández del Riego ofrecidas pola lectora do CEG da UAlg, Lucía Salceda; e pola lectora do CEG da Universidade de Varsovia, Claudia Mariño.
 - Montaxe videográfica sobre a vida e obra de Fernández del Riego (17 de maio, na páxina *web* do CEG). Nesta montaxe en vídeo recolléranse os principais fitos da vida e obra do homenaxeado, xunto con fragmentos da súa produción literaria.

- **Curso formación de profesorado - *Diálogos ibéricos*²:** Trátase dun curso de formación patrocinado pola Câmara Municipal de Tavira, o Centro de Formação da Associação de Escolas do Levante Algarvío e a FCT (Fundação para a Ciência e a Tecnologia) e coordinado pola directora do CEG e do CIAC. Este proxecto realizarase entre os meses de marzo e xuño de 2023, onde participarán distintos especialistas na área dos estudos comparatistas:
 - 25/03: Mirian Tavares (Universidade do Algarve) - “A poesía de Buñuel pelas mãos de Cesariny”
 - 01/04: Pedro Ferré (Universidade do Algarve) - “O mar como expresión cultural na poesía peninsular”
 - 15/04: Fátima Freitas Morna (Universidade de Lisboa) - “Ventos de Espanha na poesía de Sophia de Mello Breyner Andresen”
 - 29/04: Sandra Boto (Universidade do Algarve) - “Almeida Garrett: o lugar da poesía popular no espello ibérico”
 - 13/05: Antonio Sáez Delgado (Universidade de Évora) - “Fernando Pessoa no labirinto ibérico”
 - 27/05: Carlos Pazos-Justo (Universidade do Minho) – “Cultura(s) e mobilidade no espazo ibérico. Elaboracións culturais da emigración galega en Portugal”
 - 03/06: Clara Marías (Universidade de Sevilla) - “Cómo enseñar Historia a través del Romancero: los Bragança como víctimas y verdugos”
 - 17/06: Antoni Rossell (Universitat Autònoma de Barcelona) - “Los repertorios y el espectáculo tradicional no tienen fronteras: Del romancero peninsular a las tradiciones latinoamericanas”.

Actividades internacionais

- **Participación nas “Xornadas de orientación: Xeira informativa sobre as saídas dos estudos de galego na Universidade de Vigo”;** organizadas pola Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo. Neste evento, a lectora do CEG da UAlg realizou unha palestra sobre os lectorados de galego, para difundir o labor realizado pola SXPL e os coordinadores/as dos distintos CEG ó longo dos anos.

² Véxase anexo 2, onde se recolle a programación deste curso de formación distribuída en diferentes bloques.

- **ERASMUS Mobility (Faro-Varsovia)**: A lectora de galego, Lucía Salceda, asistirá no segundo semestre á Universidade de Varsovia a través dunha bolsa ERASMUS+ Teaching. Nesta estadía a lectora dará aulas ó alumnado que cursa lingua e cultura galegas na institución polaca. Ademais, tamén ofrecerá unha palestra arredor de

-**PROGRAMA ERASMUS Mobility (Varsovia-Faro): Palestra de Claudia Mariño** “Galicia: un pobo, unha fala”, lectora de galego do CEG da Universidade de Varsovia. Nesta ocasión, a lectora do CEG da Universidade de Varsovia foi convidada á Universidade do Algarve a través dunha bolsa ERASMUS+ Teaching. Nesta estadía, o alumnado tamén puido desfrutar das sesións de lingua e cultura galegas ofrecidas por Claudia Mariño.

- **PROGRAMA ERASMUS Staff Mobility for Training (Faro-Barcelona)**: Neste caso é a directora do centro, xunto coa coordinadora do CIAC, quen a través deste mesmo programa de intercambio visite a Universidade de Barcelona, convidadas ambas por María Xesús Lama. Ademais de intervir coa palestra “O magicus e o miraculosus nalgúns episodios de humor nas CSM”, tentarase establecer relacións máis produtivas entre centros de estudo e de investigación en varias áreas.

Cursos libres

- No ámbito do *Plano de Recuperação e Resiliência (PRR)* ofertamos o *Curso livre Galiza e Portugal: dois povos peninsulares no Atlântico* (febreiro-marzo de 2023). O curso está inserido no Programa Impulso Adultos, parte do Plano de Recuperação e Resiliência (en diante, PRR) do Governo Português. O obxectivo do PRR é reforzar e diversificar a formación postsecundaria, garantindo a reconversión e actualización de competencia de adultos activos a través de formacións de curta duración. A continuación mostramos o Edital do curso ofertado para o primeiro e segundo semestre, tal e como foi publicado na Universidade.

Edital Curso Livre

Unidades Orgânicas

- Faculdade de Ciências Humanas e Sociais

Ano Letivo: 2022/2023

Designação do Ciclo de Estudos: Galiza e Portugal: uma memória tecida por pontes e fronteiras

Direção do Curso: María Jesús Botana Vilar

Contacto da Direção do Curso: mjvilar@ualg.pt

Língua de Lecionação: PT

Regime de Lecionação: Diurno

Número de Vagas(se aplicável): 15

Número de ECTS: 1

Número de horas de contacto: 16

Limite Máximo de Vagas Supranumerárias ao Abrigo do Despacho RT.49/2015: n/d

Número Mínimo de Estudantes para Funcionamento do Curso (se aplicável): n/d

Existe Avaliação: Sim

Condições de Admissão dos Candidatos

Dentro do «Programa Impulso Adultos», e com enquadramento na aprendizagem ao longo da vida, este curso pretende incentivar a conversão e atualização de competências de adultos ativos através de formações de curta duração, à vez que potencia a reflexão crítica sobre a cultura alvo e a própria.

Calendário Previsto para o Ano letivo 2022/2023

- 1.º semestre – (a partir) de 12 de Setembro de 2022 a 16 de Dezembro de 2022
2.º semestre – de 06 de Fevereiro de 2023 a 02 de Junho de 2023

Fundamentação a Justificar a Abertura de Vagas Proposta, Incluindo Relatório de Funcionamento das Últimas Edições

- "1. Adquirir uma perspectiva histórica da relação entre a Galiza e Portugal, através dos discursos políticos, culturais e linguísticos produzidos a ambos os lados da fronteira.
2. Analisar e refletir, através de diversos textos críticos, sobre o relacionamento galego-português no passado e no presente, assim como focalizar os elementos em que se sustenta.
3. Tomar consciência e refletir sobre a valorização intercultural, de modo a que o aluno desenvolva argumentos críticos sobre a cultura alvo e sobre a sua própria cultura.
4. Conhecer e estudar os processos de conformação da relação na dupla direção Galiza-Lusofonia e Lusofonia-Galiza e das suas possibilidades / impossibilidades, oportunidades e barreiras.
5. Explorar o papel da Galiza dentro da configuração do espaço lusófono.
6. Adoptar estratégias de autonomia na aprendizagem."

Recursos Humanos, Materiais e Financeiros Necessários ao Funcionamento do Curso

O processo de ensino-aprendizagem reflete uma abordagem expositiva e analítica dos conteúdos nas aulas. O curso terá como eixo as sessões expositivas em que o professor explicará os conteúdos teóricos que os alunos deverão assimilar e demonstrar a sua compreensão através da participação ativa na aula. A parte interativa basear-se-á nas leituras de textos selecionados pelo professor sobre questões teóricas ou teórico-práticas em relação coa matéria.

- **Curso livre de galego A1/A2** (de marzo a xuño de 2023)- O CEG da UAlg ofertou neste ano un curso de iniciación ó galego, co fin de prolongar a oferta formativa en linguas e culturas estranxeiras no ámbito da FCHS, así como sensibilizar ós estudantes e a comunidade na

valorización de linguas e culturas minoritarias, tal como incentivan a Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias (CELRM) e o Cadro Europeo Común de Referencias para as Linguas (CECR). Trátase dunha nova edición, xa que os cursos libres de galego foron ofertados continuamente dende 2021, aínda que xa comezaron a funcionar dende o 2002 ata o 2008. A metodoloxía e bibliografía empregada para o curso será a seguinte:

Obxectivos

- Comprender textos orais e escritos ao nivel A2 e producir textos orais e escritos ao nivel A1 do Cadro Común Europeo de Referencia.
- Participar en interaccións da importancia da diversidade lingüística.
- Analizar contrastes culturais e lingüísticos entre Portugal e Galiza.
- Coñecer e usar convencións sociais e de cortesia na interacción verbal e non verbal.
- Fomentar o interese cara as novas linguas, atendendo tamén ás linguas minorizadas e minoritarias.
- Valorar positivamente as novas experiencias, ideas e culturas, adquirindo unha actitude de apertura e fomentando o debate intercultural.

Contidos

- Unidade 1: Estudo galego
 - Léxico: a fórmula de saúdo; a nacionalidade; o alfabeto; os números de 1 a 20.
 - Gramática: os pronomes de suxeito; os verbos chamarse, ser e ter; os substantivos ; o artigo determinado; o adxectivo; a concordancia; o interrogativo; a preposición.
 - Fonética: o son [tʃ].
 - Cultura: A Galicia actual (I).
- Unidade 2: Vivo aquí
 - Léxico: as profesións; os países e as linguas; os números do 21 ao 100.
 - Gramática: os verbos regulares da primeira conjugación; os verbos facer e estar; o artigo indeterminado.
 - Fonética: o son [ɲ].
 - Cultura: A Galicia actual (II).
- Unidade 3: Un café, por favor.

- Léxico: a bebida e a comida; verbos que expresan vontade.
- Gramática: verbos regulares da segunda e terceira conxugacións; o verbo gustar e haber; os pronomes de OI; os pronomes de OD.
- Fonética: o son [j].
- Cultura: A Galicia actual (III).
- Unidade 4: Que hora é?
 - Léxico: a hora; os días da semana; o tempo. Os números a partir de 100.
 - Gramática: os verbos reflexivos; contraccións dos artigos e as preposicións.
 - Fonética: o son [ɲ].
 - Cultura: A Galicia actual (IV).
- Unidade 5: Canto custa?
 - Léxico: vestimenta; cores; formas e tamaños.
 - Gramática: os verbos saber e poder; os demostrativos.
 - Fonética: as frases interrogativas.
 - Cultura: Galicia e a súa historia (I).
- Unidade 6: Que fixeches onte?
 - Léxico: actividades cotiás e de ocio; costumes;
 - Gramática: o pretérito perfecto; os onte? (5 horas) adverbios; conectores (e, pero, ademais).
 - Fonética: vogais abertas e pechadas; o son [ʎ] e [j]
 - Cultura: Galicia e a súa historia (II)
- Unidade 7: Que fas a fin de semana? Móstroche o meu mundo.
 - Léxico: institucións e edificios públicos; expresións de lugar; medios de transporte; adxectivos e expresións para describir; vocabulario relativo ás relacións de parentesco.
 - Gramática: os verbos ir, vir e andar; o verbo parecer, o posesivo
 - Fonética: [r] e [ɾ]; [s] e [θ].
 - Cultura: Galicia e a súa historia (III).
- Unidade 8: Vacacións!
 - Léxico: verbos de movemento.
 - Gramática: a forma impersonal con se; a perífrase ir + infinitivo.
 - Fonética: entoación da frase.
 - Cultura: Galicia e a súa historia (IV).

Metodoloxía

Para esta materia asumimos un método activo e participativo, é dicir, intentamos combinar as necesarias orientacións do docente coa participación activa do alumnado na aula, tanto a nivel individual como colectivo.

O curso está dividido en sesións TP (teórico-prácticas) e PL (prácticas laboratoriais). Nas sesións TP son expostos os contidos de tipo gramatical, léxico, fonético e cultural correspondentes ao nivel A1 do QCER para a produción e A2 para a comprensión; nas sesións PL póñense en práctica actividades de uso da lingua. Todos os inscritos nos cursos de galego da UAlg poderán optar ás bolsas dos Cursos de verán de lingua e cultura galegas para estranxeiros, realizados anualmente en Santiago de Compostela e organizados pola Real Academia Galega (RAG), o Instituto da Lingua Galega (ILG - USC) e a Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL - Xunta de Galicia).

Avaliación

A avaliación da materia consistiu nunha proba escrita e nunha proba oral. Só foron considerados aprobados aqueles alumnos que obtiveron un valor igual ou superior a 9,5 puntos.

Bibliografía

Cristóvão, F. (2008). *Da Lusitanidade à Lusofonia*. Coimbra: Almedina.

Dos Santos Araújo, J. D. (2004). *Portugal e a Galiza: Encontros e Encantos*. Compostela: Laiovento.

Estratexias culturais Galicia-Brasil: <http://www.pglingua.org/noticias/cronicas/1056-estrategiasculturais-da-galiza-no-brasil>

Pichel, J. R. e Fagim, V. (2012). *O galego é uma oportunidade*. Compostela: Através

Quiroga, C. (2012). Manuel Maria em Portugal. Lusofonia e tomada de consciência identitária na Galiza. Em Olivia Rodríguez González, Laura Carballo Piñeiro e Burghard Baltrusch (eds.), *Novas achegas ao estudo da cultura galega II. Enfoques socio-históricos e lingüístico literarios* (pp. 151-172). A coruña: Universidade da Coruña.

Quiroga, C. (2016). *A imagem de Portugal na Galiza*. Compostela: Através

- Reclus, É. (2016). *As terras e as gentes da Galiza e Portugal na Nova Geografia Universal*. Compostela: Através
- Rodrigues Lapa, M. (1979). *Estudos Galego-Portugueses*. Lisboa: Sá da Costa.
- Rodríguez Castelao, A. D. (2014). *Sempre en Galiza*. Vigo: Galaxia.
- Rodríguez, J. L. (2010). Para umha Galiza plena na lusofonia. Em Conison de Lingüística da AGAL, *Por um galego extenso e útil*. Compostela: Através
- Samartim, R. (2017). *Mudança política e sistemas culturais em transiçom. Literatura e construçom da (ideia da) Galiza entre 1974 e 1978*. Compostela: Laiovento.
- Samartim, R. e Pazos Justo, C. (eds.) (2019) *Portugal e(m) nós. Contributos para a compreensão do relacionamento cultural galego-português*. Braga: Edições Humus. Obtido dende <http://hdl.handle.net/1822/68041>
- Torres Feijó, E. J. (1999). Cultura portuguesa e legitimaçom do sistema galeguista: historiadores e filólogos (1880-1891). *Ler História*, 36, 273-318.
- Vila, M. C. (coord.). (2013). *Falar a ganhar. O valor do galego*. Compostela: Através
- Villarino Pardo, C., Torres Feijó, E. J. e Rodríguez, J. L. (eds.). (2008). *Da Galiza a Timor. A lusofonia em foco. Actas do VIII congresso da Associação Internacional de Lusitanistas: Compostela, 18 a 23 de Julho de 2005* (vol. I e II). Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Villarino Pardo, C., Torres Feijó, E. J. e Rodríguez, J. L. (eds.). (2009). *Da Galiza a Timor. A lusofonia em foco. Actas do VIII congresso da Associação Internacional de Lusitanistas: Compostela, 18 a 23 de Julho de 2005* (vol. III). Compostela: Universidade de Santiago de Compostela

Actividades propostas para o 2024

- Continuación do ciclo ***Folerpas literarias: palabras tecidas en feminino***. Trátase dun ciclo de conferencias en que distintas ponentes da área da literatura presentarán a obra dunha autora (á

súa elección). Nesta palestra contaremos coa intervención de Lucía Salceda, que falará sobre a muller coidadora nalgúns obras da literatura galega.

- Conferencia a cargo de Lucía Salceda, falta confirmar o título.
- Continuación do ciclo de palestras, titulado ***Agora falamos nós: Mulleres ibéricas (curso 2023/2024)***: ciclo de conferencias en que distintas especialistas da área da lingua, cultura e/ou literatura galegas realizarán unha intervención sobre o papel da muller en áreas concretas (arte, literatura, historia, xornalismo, feminismo...). Esta actividade está pensada para realizar en colaboración con outros CEG, como foi no seu inicio.
 - Palestra a cargo de Olivia González
 - Palestra a cargo de Helena Losada / María Xesús Lama
- **Ciclo do máximo** (1º semestre do curso 2023/2024)
 - Conferencia *As moursas na literatura galega e portuguesa* (novembro de 2022), a cargo do profesor José Joaquim Dias Marques
- Palestra Claudia Mariño: “Literatura galega: poscolonialidade”
- Ciclo de cinema Cinema social: Galiza no espello do cinema (en colaboración coa Biblioteca da UAlg). Proxectaranse os seguintes filmes:
 - *Heroína*, Gerardo Herrero (2005)
 - *Os fenómenos*, Alfonso Zarauza (2014)
 - *Santoalla*, Daniel Mehrer (2017)
 - *O que arde*, Oliver Laxe (2019)
- XIV Congreso Internacional do AIEG: A asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG), o CEG da UAlg, xunto cos CEG de Minho e Lisboa, promoven a 14ª edición do seu Congreso Internacional, que terá lugar no Campus de Gualtar da Universidade do Minho (17-19 de abril de 2024) e no Centro Cultural Vila Flor de Guimarães (20 de abril de 2024).

ACTIVIDADES DA ASOCIACIÓN INTERNACIONAL DE ESTUDOS GALEGOS

Cómpre salientarmos neste apartado, a participación do Centro de Estudos Galegos na AIEG, formando parte da propia directiva, xunto cos outros dous centros portugueses. Esta asociación ten como obxectivo visibilizar e consolidar os estudos galegos e os centros de investigación arredor do mundo. Trátase de tecer redes entre institucións, colaborando e creando novas propostas para levar a nosa lingua e cultura a todos os ámbitos de estudo.

Tendo en conta a súa importancia, consideramos necesario tratar as actividades relacionadas coa presente asociación de xeito individual, nun apartado propio. Así, durante este ano 2023, realizáronse:

- Participación no congreso da RNEC- Rede Nacional de Estudos Culturais: Cidadania Digital e Culturas do Contemporâneo (Lucía pon o título e as participantes, o día de intervención e o lugar). Enlace: <https://r nec.org.pt>
- Webinario (organización e participación da directora do CEG): *Os estudos galegos no exterior. Propostas e debate para un diagnóstico* (14 xullo 2023).
- Coordinación BAIEG (Boletín da Asociación Internacional de Estudos Galegos), que será publicado no vindeiro mes de decembro en formato dixital.
- Organización do XIV Congreso da AIEG: *Horizontes dos Estudos Galegos e/na Lusofonía* (17 a 20 de abril de 2024, Braga/Guimarães, Universidade do Minho).
- Coordinación Comisión Científica do congreso.
- Conferencia-aula aberta na Universidade do Minho (22 novembro 2023): María Jesús Botana Vilar, “A representación da(s) muller(es) nas *Cantigas de Santa María*: o binomio Ave/Eva”.
- Conferencia/seminario na USC (12 decembro 2023): María Jesús Botana Vilar, “As Cantigas de Santa María como patrimonio identitario galego-portugués” (non temos o cartaz aínda dispoñíbel).

DIFUSIÓN DAS ACTIVIDADES

As actividades culturais organizadas dende o CEG da UAlg, ademais de complementar a docencia das cadeiras de galego, tratan de difundir e promover a lingua e a cultura galegas no Algarve, fomentando o interese no alumnado e buscando atraer a novo público; motivo polo que o plan de actividades está aberto á todo aquel que queira aproximarse á nosa cultura. Ademais, moitas das actividades son realizadas de maneira *online* para poder chegar a un maior alcance.

Coa intención de chegar ó maior número de persoas interesadas, o CEG emprega distintas canles para darlle visibilidade ós distintos eventos e actividades, de aí a estreita colaboración con centros de investigación como o Centro de Investigação em Artes e Comunicação (en diante, CIAC), bibliotecas e a librería FNAC. Para cada evento elabórase un cartel informativo que é distribuído en formato papel pola FCHS, bem como noutros espazos da universidade; así mesmo, tamén se realiza unha difusión da información a través da rede: páxinas de *Facebook* do Departamento de Artes e Humanidades e a do mesmo CEG; a páxina *web* da FCHS, onde contamos cun aloxamento *web*, situado na fiestra de *Investigação* (<https://fchs.ualg.pt/pt/content/centro-estudos-galegos>), a páxina da propia Universidade (www.ualg.pt); e a páxina do CIAC (<https://ciac.pt/pt>)

A hora de levar a cabo as actividades, o CEG tenta cooperar con outros departamentos e mesmo con outros centros da UAlg, tanto en colaboracións puntuais para a organización de eventos ou na difusión e promoción das actividades. Algúns colaboradores frecuentes son a Biblioteca da UAlg e o CIAC. Cando as actividades o permiten, procúrase tamén a colaboración con librerías locais (por exemplo, a FNAC) coa finalidade de chegar a toda a comunidade algarvía.

Do mesmo xeito, no ano 2021 iniciouse unha colaboración cos Centros de Estudos Galegos da Universidade Nova de Lisboa e a Universidade do Minho. A primeira actividade deste proxecto compartido, a cal leva por nome *Portugal e(m) nós*, consistiu na edición dun libro que xira arredor das relacións entre Galiza e Portugal, tratadas dende diferentes perspectivas e campos por estudosos do ámbito luso. Neste curso 2023 manterase esta relación a través de distintas actividades, así como na realización dun inquérito sobre os coñecementos do estudantado portugués sobre o galego, que permitirá fundar as bases dun estudo sobre a cultura galega no territorio luso.

ACTUALIZACIÓN DOS FONDOS BIBLIOGRÁFICOS

O CEG da Ualg actualizou os seus fondos bibliográficos coa compra de 10 exemplares novos, entre os que se inclúen grandes clásicos da literatura galega e ensaios sobre Galiza, que achamos interesantes para o alumnado e o corpo docente da Ualg. Pasamos, a continuación, a ofrecer unha listaxe das obras adquiridas:

- *Historias de emigrantes* de Xosé Neira Vilas e Luis Seoane.
- *Ninguén contará a verdade* de Pedro Feijoo.
- *Ou as dúas estaredes mortas* de Xose M. Eyre.
- *A transición en Galiza* de Uxío-Breogán Diéguez.
- *Historia social da lingua galega* de Henrique Monteagudo Romero.
- *Pensar e escuro. Poesía reunida (1991-2004)* de Luísa Villalta.
- *Galegos no golfo de México* de Xosé Neira Vilas.
- *A historia de España baseouse en falacias* de Francisco Calo Lourido.
- *O libro negro da lingua galega* de Carlos Callón.
- *O idioma galego baixo o franquismo* de Henrique Monteagudo.

PUBLICACIÓNS

As publicacións son unha parte importante dentro dos estudos da nosa lingua e cultura. Ó longo deste ano, malia que o foco estivo posto sobre todo en actividades culturais de divulgación e na organización e preparación do congreso organizado pola AIEG, o certo é que aínda quedou un oco para realizar diversas publicacións:

- **Artigo:** Salceda García, Lucía (2023). “A figura literaria da bruxa como ferramenta de análise dos roles de xénero nas aulas”. *Cumieira. Cadernos de investigación na nova Filoloxía Galega* 8, 105-119. Universidade de Vigo
- **Edición 2023 da colección Textos e Estudos (CEG-CIAC):** María Xesús Lama López, *Apropiación cultural e contradiscurso histórico. A materia artúrica na literatura galega*, volume 2. Edición a cargo de María Jesús Botana Vilar e Claudia Mariño Gómez. Directores da colección: Pedro Ferré da Ponte e María Jesús Botana Vilar. Maquetaxe e deseño editorial: Juan Manuel Escribano Loza.
- **Publicación no IGADI:** “As orixes da AIEG (primeira parte)”, da autoría de María Jesús Botana Vilar e María Xesús Lama López. Dispoñible en: <https://www.igadi.gal/analise/as-orixes-da-aieg-primeira-parte/>
- **Capítulos de libro:**
 - Botana Vilar, M. J., “O léxico afectivo nas *Cantigas de Santa María*: preservación da memoria e construción da identidade galaico-portuguesa”, in Ricardo Pichel, *“Tenh'eu que mi fez el i mui gran ben”: estudos sobre cultura escrita medieval dedicados a Harvey L. Sharret*, editorial Sílex, 2022.
 - Botana Vilar, M. J., “O poder da dama nas *Cantigas de Santa María*”, in Ricardo Pichel, *«Contarte he maravillas...» Estudios hispánicos dedicados a Joseph T. Snow. El patrimonio literario de Alfonso X*, editorial Peter Lang. (entregado)

VALORACIÓN XERAL DOS CURSOS DO LECTORADO

Cada ano a UAlg elabora unha enquisa dirixida ó alumnado para coñecer o seu grao de satisfacción coa docencia recibida. Os resultados acadados polas materias relacionadas co CEG foron moi positivos no segundo semestre (febreiro-xuño 2023) e seguramente tamén o sexan neste primeiro semestre do novo curso (setembro – decembro 2023), máis aínda debemos esperar a que remate o período lectivo para recibir os resultados. Ademais, o número de matriculacións aumentou en todas as disciplinas, o que nos permite pensar que estamos a desenvolver un gran traballo, achegándonos cada vez máis ó alumnado e conseguindo que se interesen en aprender sobre Galicia e a súa lingua e cultura.

Exemplo disto vese en Literatura galega (matrícula optativa), onde só houbo 3 alumnas inscritas en 2022; mentres que este mesmo ano presenta sobre 20 alumnos inscritos.

Ademais, as cualificacións obtidas polos alumnos foron elevadas e as taxas de suspensos moi baixas (nulas no caso de *Língua Europeia I*, e *Literatura Galega*). Isto débese, en parte, a boa disposición do alumnado, que realizaba un gran traballo dentro e fóra da aula, asistindo as clases e realizando todos os traballos requeridos pola docente na avaliación continua. Cremos entón que o alumnado conseguiu assimilar as explicacións e tirar proveito delas.

PROPOSTAS DE MELLORA DIRIXIDAS Á SECRETARIA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

Malia estarmos moi satisfeitos co funcionamento do CEG da Universidade do Algarve, cremos que sempre se pode mellorar. É por iso polo que consideramos que hai certos aspectos que poderían estar suxeitos a certos cambios. Exemplo disto sería a relación entre lectorados, pois consideramos que sería moi positivo para toda a comunidade fortalecer e motivar as conexións entre os diversos CEGs, elaborando proxectos e común e mesmo a través de xornadas entre os lectores/as de cada centro. No noso caso, é certo que traballamos por colaborar con centros veciños, defendendo propostas co resto dos centros de estudos portugueses (Lisboa e Minho). Ademais, neste ano colaborouse moito co CEG da Universidade de Varsovia, abrindo novos camiños que esperamos seguir camiñando.

Por outra banda, sendo un lectorado que se sitúa dentro das fronteiras doutro Estado, a dispoñibilidade de material sobre a lingua e a cultura galegas resulta adoito de difícil acceso. Por iso, gustaríanos contar con máis apoios da Secretaría á hora de conseguir material, tanto bibliográfico como videográfico. Neste sentido, cabe subliñar que no noso caso concreto somos un centro situado na *periferia* lusa, o cal torna moito máis complicado –e custoso– facermos calquera tipo de actividade con persoas vindas do estranxeiro, así como comprarmos anualmente bibliografía (a nosa partida orzamentaria está comprometida coa publicación).

Así mesmo, agradeceríamos que fose posíbel crear unha conta dende a mesma SXPL para podermos acceder de maneira máis sinxela á plataforma *GaliciaLe* (*Rede de bibliotecas públicas de Galicia*, <https://www.galiciale.gal>), posto que se torna moi difícil, e ás veces imposíbel, o acceso para aqueles que impartimos aulas fóra do país (por exemplo, non podemos visualizar filmes).

ANEXO 1: CARTEIS DE PROMOCIÓN E DIVULGACIÓNS DAS ACTIVIDADES

1. *Agora falamos nós. "Xohana Torres: da viúva de vivo á muller navegante".* Palestra Ana Garrido

Venres 24 de febreiro ás 10:30 (PT)/11:30 (ES, PL)
Conferencia online. Centro de Estudos Galegos do Algarve



Agora falamos nós: mulleres ibéricas

XOHANA TORRES

DA VIÚVA DE VIVO Á MULLER NAVEGANTE

Moderadoras:

Claudia Mariño

Lucía Salceda

Poñente:

Ana Garrido

Entrada de balde

Confirme certificado de asistencia
previa inscrición en bit.ly/3IJ5QJR

Apoíos



Organización e promoción

2. *Agora falamos nós. "Os exilios de Mariví Villaverde".* Palestra Carmen Mejía

Xoves 13 de abril ás 16:30 (PT)/17:30 (ES, PL)
Conferencia online. Centro de Estudos Galegos do Algarve



Agora falamos nós: mulleres ibéricas

**OS EXILIOS DE
MARIVÍ VILLAVERDE**

Moderadoras:
Claudia Mariño
Lucía Salceda

Poñente:
Carmen Mejía

Entrada de balde
Confirme certificado de asistencia
previa inscrición en <https://bit.ly/3zL2nxW>

Apoios



Organización e promoción



3. Actividade Mesa redonda das linguas: desafíos no ensino de linguas no s. XXI. FNAC

Venres 17 de marzo ás 18:30
Libraría FNAC (Faro)



Apoios



Organización e promoción

4. Folerpas literarias: palabras tecidas en feminino.

Mércores 22 de marzo ás 16:30 (PT)/17:30 (ES, PL)
Conferencia online. Centro de Estudos Galegos do Algarve



Folerpas literarias: palabras tecidas en feminino

A POESÍA DO COTIÁN NA OBRA DE LUPE GÓMEZ

Moderadoras:
Claudia Mariño
Lucía Salceda

Poñente:
Antía Monteagudo

Entrada de balde
Confire certificado de asistencia
previa inscrición en bit.ly/3JrpF02

Apoios



Organización e promoción



5. *Rostros no exilio*. Palestra María Jesús Botana Vilar e Claudia Mariño Gómez.

Mércores 15 de febreiro ás 17:00 (PT)/18:00 (ES, PL)
Conferencia online. Centro de Estudos Galegos do Algarve



OS ROSTROS DO EXILIO

Moderadora:
Lucía Salceda García

Conferenciantes:
María Jesús Botana Vilar
"As voces da arte galega no exilio"
Claudia Mariño Gómez
"O papel dos exiliados na reestruturación do tecido galeguista"

Entrada de balde
Confírmese certificado de asistencia
previa inscrición en bit.ly/40560ux

Apoios



Xacobeo 21-22



Organización e promoción



6. *Semana Día das Letras Galegas 2023*. Palestras de Lucía Salceda e Claudia Mariño

Luns 15 de maio ás 16:00 (PT)/17:00 (ES, PL)
Conferencia online. Centro de Estudos Galegos do Algarve



DIA DAS LETRAS GALEGAS 2023

APROXIMACIÓN Á FIGURA DE FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

Moderadora:
María Jesús Botana Vilar

Oradoras:
Lucía Salceda García
"Tecendo redes sobre a ponte do exilio:
aproximación arredor do vínculo entre
Fernández del Riego e o exilio galeguista"

Claudia Mariño Gómez
"Fernández del Riego:
fogueira acesa e inmorredora da cultura galega"

Entrada de balde
Confirme certificado de asistencia
previa inscrición en bit.ly/3o0PU6W

Apoios



Organización e promoción



7. Curso de formación profesorado de secundaria. *Diálogos Ibéricos na literatura* (marzo 2023 - xuño 2023)

CURSO DIÁLOGOS IBÉRICOS NA LITERATURA

25 de Março

Mirian Tavares (Universidade do Algarve)

A poesia de Buñuel pelas mãos de Cesariny

01 de Abril

Pedro Ferré (Universidade do Algarve)

O mar como expressão cultural na poesia peninsular

15 de Abril

Fátima Freitas Morna (Universidade de Lisboa)

*Ventos de Espanha na poesia de
Sophia de Mello Breyner Andresen*

29 de Abril

Sandra Boto (Universidade Nova de Lisboa – IELT, NOVA FCSH)

Almeida Garrett: o lugar da poesia popular no espelho ibérico

13 de Maio

António Sáez Delgado (Universidade de Évora)

Fernando Pessoa no labirinto ibérico

27 de Maio

Carlos Pazos Justo (Universidade do Minho)

*Cultura(s) e mobilidade no espaço ibérico.
Elaborações culturais da emigração galega em Portugal*

03 de Junho

Clara Marías (Universidad de Sevilla)

*Como enseñar Historia a través del Romancero:
los Bragança como víctimas y verdugos*

17 de Junho

Antoni Rossell (Universitat Autònoma de Barcelona)

*Los repertorios y el espectáculo tradicional no tienen fronteras:
Del Romancero peninsular a las tradiciones latinoamericanas*

Organização:

CAC – Casa Álvaro de Campos

CEG – Centro de Estudos Galegos
do Algarve

CIAC – Centro de Investigação em
Artes e Comunicação



Associação Cultural

CAC – Casa Álvaro de Campos

Sede | Rua da Galeria, 9-C (junto à Igreja da Misericórdia)

Desde 1987

Tavira

8800-329 Tavira

Parcerias:



CENTRO DE FORMAÇÃO DE
ASSOCIAÇÃO DE ESCOLAS
DO LEVANTE ALGARVIO



Agrupamento de Escolas
D. Manuel I - Tavira



8. Actividades relacionadas coa AIEG - Webinario. *Os estudos galegos no exterior. Propostas e debate para un diagnóstico.*



OS ESTUDOS GALEGOS NO EXTERIOR

PROPOSTAS E DEBATE PARA UN DIAGNOSTICO

PRESENTACIÓN E MODERACIÓN

DANIEL GONZÁLEZ PALAU

(Director do IGADI)

ORADORES

CARLOS PAZOS-JUSTO

(Coordinador)

MARÍA JESÚS BOTANA VILAR

ATTILIO CASTELLUCCI

TAKESHI KAKIHARA

11H00 PT/12H00 ES

14 de xullo de 2023

Seminario online

ASISTENCIA GRATUITA

INSCRICIÓN EN <https://bit.ly/3JvVICv>

Organización



CENTRO DE
ESTUDOS GALEGOS
DO ALGARVE

Apoios



9. Conferencia convite Universidade do Minho. “A representación da(s) muller(es) nas Cantigas de Santa María: o binomio Ave/Eva. María Jesús Botana Vilar.



A representación da(s) muller(es) nas Cantigas de Santa María: o binomio Ave/eva.

María Jesús Botana Vilar (UAlg)

Sala 0.07 (Ed. 2)

UC Literatura e Cultura Galegas

22/11, 14h



Universidade do Minho
Escola de Letras, Artes e Ciências Humanas
Centro de Estudos Galegos

ANEXO 2: DISTRIBUBCIÓN DOS CONTIDOS DO CURSO DE FORMACIÓN *DIÁLOGOS IBÉRICOS*.

Bloque 1

Local:	AEDMI
Data:	1 de abril, 15 de abril e 13 de maio de 2023
Duração (horas):	4,5 Horas (17h às 18:30h)

Designação:	A poesia do séc. XX como expressão da cultura ibérica
Entidade(s) promotora(s):	Associação Casa Álvaro de Campos Câmara Municipal de Tavira
Formador(es) (grau(s) e nome(s))	Mirian Nogueira Tavares Fátima Freitas Morna (Universidade de Lisboa) - “Ventos de Espanha na poesia de Sophia de Mello Breyner Andresen” Antonio Sáez Delgado (Universidade de Évora) - “Fernando Pessoa no labirinto ibérico”
Áreas abrangidas (1):	a) Área da docência, ou seja, áreas do conhecimento, que constituem matérias curriculares nos vários níveis de ensino;
Temas abordados (científicos e pedagógicos):	Estas três sessões de formação têm como objetivos: - Alertar para um importante campo de estudos em florescimento: o dos Estudos Ibéricos; - Fornecer perspetivas de abordagem do objeto literário de âmbito comparatista; - Proporcionar ferramentas de análise do texto literário do âmbito da macro e da micro leitura; - Oferecer pistas de abordagem da matéria literária situadas no diálogo interartes. Na 1.ª sessão, dia 1 de abril, subordinada à temática “<i>A poesia de Buñuel pelas mãos de Cesariny</i>” serão abordadas questões como: Mário Cesariny, grande nome do Surrealismo em Portugal, traduziu o livro de poemas que Luís Buñuel escreveu, antes de realizar seu primeiro filme. Ao conjunto de poemas, o realizador espanhol deu o mesmo nome que daria ao seu filme de estreia - <i>O Cão Andaluz</i>. Falar-se-á sobre a tradução dos poemas e o interesse de Cesariny no cinema, e na poesia, do aragonês Luís Buñuel.

	Na 2.º sessão, dia 15 de abril, subordinada à temática “<i>Ventos de Espanha na poesia de Sophia de Mello Breyner Andresen</i>” será abordada a possível presença de Espanha na obra da autora portuguesa, pois ainda não sendo seguramente tão óbvia como a da Grécia, é, pelo menos, sugestiva pelo que de misterioso e enigmático contêm afirmações como a que ela própria nos deixou numa conhecida entrevista: “Ninguém dirá que a pintura do Picasso e a poesia de Lorca tenham tido uma enorme influência na minha poesia”. Indagar o rasto dessa presença é o propósito desta sessão. Na 3.º sessão, dia 13 de maio subordinada à temática, “<i>Fernando Pessoa no labirinto ibérico</i>” focar-se-á em aspetos como: A imagem tradicional de Fernando Pessoa apresenta um autor, em termos internacionais, em estreita relação com a cultura anglo-saxónica, e que quase nunca se interessou pelo seu vizinho espanhol. Porém, esta visão tem sido matizada à luz das mais recentes investigações, que demonstram que Pessoa escreveu sobre a Ibéria e teve relações com alguns escritores espanhóis. Aliás, foi em Espanha que se fez a primeira tradução de um poema de Pessoa, e onde se publicou o primeiro ensaio monográfico consagrado ao estudo da sua obra. Nesta conferência faremos uma aproximação a esse “outro” Fernando Pessoa, menos conhecido, mas muito interessante, o Pessoa em relação com o mundo ibérico.
Público-alvo	Educadores de Infância e Professores dos Ensinos Básico e Secundário
Enquadramento:	Estas três sessões de formação partem conceptualmente da ideia de que as fronteiras ibéricas não passam de criações político-administrativas. No âmbito da literatura e das artes em geral, a conceção de uma Ibéria que não se alimenta do diálogo frutífero entre os vários povos que a compõem carece de validade. Na realidade, os férteis intercâmbios criativos e os diálogos multidirecionais mantidos ao longo da História da Cultura (e da Literatura, em particular) entre os diferentes territórios geopolíticos ibéricos dão bem conta destas trocas. Uma seleção destes diálogos literários (e interartes) será explorada ao longo destas duas sessões de formação.

Bloque 2

Local:	AEDMI
Data:	06 de maio e 27 de maio de 2023
Duração (horas):	3 Horas (17h às 18:30h)
Designação:	"Terra e Mar - manifesto da cultura galego-portuguesa"

Entidade(s) promotora(s):	Associação Casa Álvaro de Campos Câmara Municipal de Tavira
Formador(es) (grau(s) e nome(s))	Pedro Ferré (Universidade do Algarve) - “O mar como expressão cultural na poesia peninsular” Carlos Pazos-Justo (Univ. do Minho) – “Cultura(s) e mobilidade no espaço ibérico. Elaboraões culturais da emigração galega em Portugal”
Áreas abrangidas (1):	a) Área da docência, ou seja, áreas do conhecimento, que constituem matérias curriculares nos vários níveis de ensino;
Temas abordados (científicos e pedagógicos):	Estas duas sessões de formação têm como objetivos: - Alertar para um importante campo de estudos em florescimento: o dos Estudos Ibéricos; - Fornecer perspetivas de abordagem do objeto literário de âmbito comparatista; - Proporcionar ferramentas de análise do texto literário do âmbito da macro e da micro leitura; - Oferecer pistas de abordagem da matéria literária situadas no diálogo interartes. Na 1.^a sessão, dia 06 de maio, subordinada à temática, “<i>O mar como expressão cultural na poesia peninsular</i>” serão abordadas questões como: A poesia não só é uma viagem ao longo dos tempos, encarando-a do ponto de vista da história literária, como, em simultâneo, convida a viajar ao longo de vastos momentos da nossa cultura, ostentando sinais muito claros do que o olhar não vê, mas que ela superiormente retrata, transformando o invisível em visível. Assim, tentar-se-á esboçar um itinerário, com a poesia ibérica de pano de fundo, baseado na História e acompanhado pela imagem e pelo som, traçando convergências apreensíveis pelos nossos sentidos. Na 2.^a sessão, dia 27 de maio subordinada à temática “<i>Cultura(s) e mobilidade no espaço ibérico. Elaboraões culturais da emigração galega em Portugal</i>” serão aprofundadas questões como: As mobilidades internas na Península Ibérica, por motivos laborais ou políticos, foram constantes durante toda a Época Contemporânea. No caso da emigração galega, de longínqua origem, os processos migratórios vão propiciar o surgimento, a partir de fins do século XIX e particularmente em Lisboa, de propostas de clara dimensão cultural que evidenciam programas de diferente natureza e objetivos dirigidos aos membros da colónia galega.
Público-alvo	Educadores de Infância e Professores dos Ensinos Básico e Secundário
Enquadramento:	Estas duas sessões de formação partem conceptualmente da ideia de que as fronteiras ibéricas não passam de criações político-administrativas. No âmbito da literatura e das artes em geral, a conceção de uma Ibéria que não se alimenta do diálogo frutífero entre os vários povos que a compõem carece de validade. Na realidade, os férteis intercâmbios criativos e os

	diálogos multidirecionais mantidos ao longo da História da Cultura (e da Literatura, em particular) entre os diferentes territórios geopolíticos ibéricos dão bem conta destas trocas. Uma seleção destes diálogos literários (e interartes) será explorada ao longo destas duas sessões de formação.
--	---

Bloque 3

Local:	AEDMI
Data:	29 de abril, 3 e 17 de junho de 2023
Duração (horas):	4,5 Horas (17h às 18:30h)

Designação:	"A poesia tradicional como elo de ligação entre os povos ibéricos"
Entidade(s) promotora(s):	Associação Casa Álvaro de Campos Câmara Municipal de Tavira
Formador(es) (grau(s) e nome(s))	Sandra Boto (UALg) - "Almeida Garret: o lugar da poesia popular no espelho ibérico"; Clara Marías (Univ. de Sevilla) - "Cómo enseñar Historia a través del Romancero: los Bragança como víctimas y verdugos"; Antoni Rossell (Univ. Autònoma de Barcelona) - "Héroes medievales, viajeros intercontinentales. Los repertorios y el espectáculo tradicional no tienen fronteras: Del romancero peninsular a las tradiciones latinoamericanas".
Áreas abrangidas (1):	a) Área da docência, ou seja, áreas do conhecimento, que constituem matérias curriculares nos vários níveis de ensino;
Temas abordados (científicos e pedagógicos):	Estas três sessões de formação têm como objetivos: - Alertar para um importante campo de estudos em florescimento: o dos Estudos Ibéricos; - Fornecer perspetivas de abordagem do objeto literário de âmbito comparatista; - Proporcionar ferramentas de análise do texto literário do âmbito da macro e da micro leitura; - Oferecer pistas de abordagem da matéria literária situadas no diálogo interartes. Na 1.ª sessão, dia 29 de abril, subordinada à temática " <i>Almeida Garret: o lugar da poesia popular no espelho ibérico</i> " serão abordadas questões da obra e do pensamento garrettiano: Almeida Garrett, o mais destacado escritor do Primeiro Romantismo português, servindo-se da tradição oral moderna e seguindo os modelos conceptuais românticos alemães e britânicos, elaborou um completo projeto nacionalista que teve a particularidade de se debruçar pela primeira vez sobre o romanceiro luso. Para além da já conhecida influência exercida pelas coleções de

romances espanhóis na constituição do corpus romancístico de Garrett, a investigação de Sandra Boto demonstrou que o papel exercido por Espanha no projeto de Garrett para a poesia popular foi significativamente mais profundo. Com efeito, o autor produziu um pensamento iberista ancorado numa matriz cultural comum partilhada entre os povos ibéricos, conferida pelo romanceiro. Discutiremos, nesta palestra, esse pensamento, compatibilizando-o com o propósito nacionalista literário garrettiano.

Na 2.^a sessão, dia 03 de junho, subordinada à temática *“Cómo enseñar Historia a través del Romancero: los Bragança como víctimas y verdugos”* serão abordadas questões que terão como pano de fundo duas investigações realizadas sobre “El romance ‘Mujer del Duque de Guimarães’ no contexto da propaganda contra João II e a favor do duque de Bragança” e “Entre castellanos y portugueses. De nuevo sobre el romance de la muerte de la duquesa de Bragança” para tentar tirar algumas conclusões sobre a utilidade que pode ter a poesia tradicional para compreender as micro-histórias ibéricas e a evolução entre as relações hispano-portuguesas no campo da política, bem como o emprego da literatura como arma de propaganda. Iremos comparar e analisar no seu contexto histórico e político vários romances célebres que marcam a esfera ibérica, pelo seu tema, protagonistas e difusão. Por um lado, dois romances sobre a execução do duque de Bragança e Guimarães, Fernando, em 1483, acusado de traição por D. João II. Veremos as diferenças entre as vozes poéticas destes romances e as diferentes perspetivas sobre a execução que adotam, apresentando o Duque de Bragança como vítima, com diferentes matizes. O segundo acontecimento histórico que afeta à nobreza portuguesa e foi poetizado em um romance espanhol é o uxoricídio da Duquesa de Bragança, Dona Leonor de Mendoza, filha de um dos mais importantes nobres da Espanha, pelas mãos de seu marido, Jaime de Bragança, em 1512, por adultério ou ciúme e suspeita do mesmo. O objetivo será, portanto, reivindicar o campo dos estudos ibéricos e da abordagem comparada da literatura popular, e exemplificar através dessas amostras as possibilidades de análise do romanceiro de uma perspetiva política, histórica e evolutiva, dependendo das facções e das circunstâncias de cada momento.

Na 3.^a sessão, dia 17 de junho, subordinada à temática *“Héroes medievales, viajeros intercontinentales. Los repertorios y el espectáculo tradicional no tienen fronteras: Del romancero peninsular a las tradiciones latinoamericanas”* serão abordados os seguintes pontos: A matéria carolíngia está bem estabelecida em diferentes partes do mundo, incluindo o continente africano, as Filipinas e vários países latino-americanos, presente nas tradições de dança e representações populares, bem como no repertório do *cordel* brasileiro. Estamos interessados em abordar esta presença a partir da tradição medieval e da sua consideração moderna e contemporânea, focando nas figuras de Floripes, Ferrabrás e Carlos Magno. Perguntamo-nos qual foi a verdadeira intenção dos responsáveis pela colonização e dos ministros da Igreja Católica em estabelecer representações que hoje fazem

	parte do património popular e tradicional destes povos. Analisaremos os lugares-comuns e as diferenças destas representações entre o continente europeu e os locais da colonização.
Público-alvo	Educadores de Infância e Professores dos Ensinos Básico e Secundário
Enquadramento:	Estas três sessões de formação partem conceptualmente da ideia de que as fronteiras ibéricas não passam de criações político-administrativas. No âmbito da literatura e das artes em geral, a conceção de uma Ibéria que não se alimenta do diálogo frutífero entre os vários povos que a compõem carece de validade. Na realidade, os férteis intercâmbios criativos e os diálogos multidirecionais mantidos ao longo da História da Cultura (e da Literatura, em particular) entre os diferentes territórios geopolíticos ibéricos dão bem conta destas trocas. Uma seleção destes diálogos literários (e interartes) será explorada ao longo destas três sessões de formação.